

Di a UNESCO:

“Proclamado en 2011 polos Estados Membros da UNESCO e adoptado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 2012 como Día Internacional, **o 13 de febreiro converteuse no Día Mundial da Radio (DMR).**”

Na Rede ESPORA convidánnos a xuntar as nosas voces para celebrar este DMR 21, propoñéndonos que o alumnado entreviste na casa a un familiar doutra xeración (pai/nai ou avó/avoa ou bisavó/bisavoa), facéndolle as seguintes preguntas:

- **Cando eras pequeno/a, cal era o teu programa favorito de radio?**

- **Onde escoitabas a radio?**

Ao comezo da entrevista pediránlle que diga o seu nome e apelidos.

Só se entrevistará a unha persoa por neno/a. A participación terá carácter voluntaria.

Unha vez feita a entrevista, enviaredes o audio a biblioteca@ceipbenchoshey.com, poñendo no asunto RADIO.

Por favor, o envío ten que ser como moi tarde o luns día 8 de febreiro.

O centro escolma/analiza estas entrevistas e fará un resumo de non máis de 2 minutos que enviará a ola@espora.eu .

A Rede ESPORA xuntará todas as achegas e publicara o evento no soporte da UNESCO,

Cando teñan todo listo mandarannos o enlace do audio completo e un logo para que o peguemos na web do centro e así todo o mundo poida saber que xa sodes “radiomundiais”!!!

